

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACION O DÍA 4/04/2016, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

ASISTENTES

Concelleiros

Partido dos Socialistas Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG - PSOE)

José Marcote Suárez
Soledad Vilela Romero
Alexandre Domínguez Lado
María Rocío Mariño López

Concelleiros

Partido Popular (PP)

José Manuel Traba Fernández
Daniel Juan Benlloch Rivas
Santiago Insua Esmoris-Recamán
María del Rocío Marcote Canosa

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Xan Carlos Sar Oliveira
Teresa Fernández Martínez

Converxencia Galega

Juan Agustín García Pouso

Secretario

José Ramón Lema Fuentes

ORDE DO DÍA

- 1º.- Ratificación do carácter ordinario da sesión.---
- 2º.- Aprobación, se procede, dos borradores Actas das sesións anteriores.
- 3º.- Resolúcións dictadas pola Alcaldía, para coñecemento.-
- 4º.- Rogos e Preguntas.-

Na Vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión sendo ás 19:00 horas, do día 4/04/2016, reúnen no salón de sesións da casa do concello, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación en primeira convocatoria, coa seguinte:

1º.- Ratificación do carácter ordinario da sesión.-

O Pleno por unanimidade dos asistentes acorda ratificar o carácter ordinario da sesión.-

2º.- Aprobación, se procede, borrador Acta da sesión anterior.

Deixanxe sobre a mesa as sesións dos días 15 de Febreiro e 17 de Marzo de 2016 ao non terse redactado.-

3º.- Resolucións dictadas pola Alcaldía, para coñecemento.-

Dáse conta das seguintes :

- Altas, Baixas e Cambios de Domicilio no Padron Municipal de Habitantes.-

- Inscripción de Can Perigoso de Raza Rotweiller no Rexistro Municipal, autorizado a nome de Cristina Sobrido Blanco coas normas a seguir.-

- Permiso por hospitalización de familiar primeiro grao a nome de Manuel Lagoa López días 19, 20, 22 a 24 de Febreiro de 2016.-

- Contratación temporal de Inés Bernal Pampín para monitora de loga dentro do Obradoiro Camiño do Solpor II pola baixa contrato de Patricia Costa Vila periodo 19 ó 29 de Febreiro de 2016.-

- Expedientes sancionadores de tráfico.-

- Solicitud de Obradoiro entre Concellos de Cee, Corcubión e Fisterra baixo a denominacion Camiño do Solpor III.-

- Solicitud de subvención para servizos de Socorristas de praia, grupos de pronto auxilio e brigada de limpeza a Xunta de Galicia por un importe total de 69.517,08 € .-

- Permiso de asuntos particulares Silvia Sar Insua dias 1, 14 e 15 de Marzo de 2016 como Animadora Cultural.-

-Expedientes sancionadores de tráfico.-

-Solicitud de Subvención a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural polo importe de 42.806,00 € para obra de Ampliación e mellora de Camiño no lugar de Mallas e San Martiño de Arriba - Fisterra " con un presuposto total de 51.802,62 €.-

- Aprobación de Plan de Vacacións Maria Lourdes Dominguez Lago, 18 ó 31 de Marzo de 2016.-

- Autorización festas do Emigrante a nome de Juan Bautista Louzán Lago para o día 5 de Marzo de 2016 en Sardiñeiro.-

-Aprobación memoria festas do Santo Cristo e solicitude de Subvención a Xunta polo importe de 3.000 €.-

-Aprobación expedientes sancionadores de Trafico.-

- Aprobación de Plan de Vacacións Maria Loreto Marcote Lago dias 21 a 29 de Marzo, 16 ao 30 de Agosto, 20 e 29 de Decembro sde 2016.-

Contratación con carácter eventual a nome de María Dolores Otero Baldomar como Asistente Domiciliaria ante a Baixa de Sandra María Sixto Canosa a partires do día 9 de Marzo de 2016 ata a alta.-

- Comunicación a licitadores concesión administrativa Semáforo e anexo Refuxio o Onforma da Xunta Consultiva.-

- Aprobacion liquidación presuposto ordinario de 2015.-

-Permiso por hospitalización de familiar no primer grado a nome de María Pilar García Trillo días 16, 17, 18 e 21 de Marzo de 2016.-

-Aprobación expediente sancionadores de tráfico. -

-Contratación con carácter eventual a nome de María Dolores Otero Baldomar periodo 18 ó 31 de Marzo de 2016 en sustitución de vacacións de María Lourdes Domínguez Lago.-

- Autorización festas Santo Cristo días 26, 27 e 28 de Marzo de 2016 en favor de Javier Trillo Castro.-

- Nomeamento de Instructor por sanción establecemento público Word Familli en favor do tenente de Alcalde Xan Carlos Sar Oliveira.-

Solicitud de subvención a Diputación provincial programa de Praias ano 2016 polo importe de 24.484,84 € periodo 15 de Xuño e 14 de Setembro de 2016.-

O Pleno dáse por enterado.-

4º.- Rogos e Preguntas.-

Sr. Traba Fernández do grupo popular

1.- Ante a queixa de moitos veciños de que a Inspección Técnica de Vehiculos Agrícolas foi desplazada á explanada do Faro cando antes se facia diante do pavillon polideportivo, lonxe dos talleres, o que fai que moitos usuarios cambiasen a cita para a revisión en Cee.-

¿ Foi decisión do Goberno Municipal este cambio ?

¿ Porque non se levou a outros espazos mais próximos á zona rural ?

Alcalde

Non, foi una decisión propia da Empresa dado que as novas normas de seguridade e a máquina homologada esixen mais espazo; ademais a zona non pode ter unha inclinación superior o 2 % e debe ser limpa sen barro ou terra polos sistemas electrónicos .-

Este sitio non vai ser definitivo, vaise buscar un lugar mais apropiado para que os propietarios dos tractores se desplazen o mínimo posible.-

2.- Hoxe publicábase no Facebook do Concello que os Planos do Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado provisionalmente o 17 de marzo están a exposición pública nas oficinas municipais.

¿É certo que algúns veciños se lles dixo que os planos non podían ser consultados?

¿Por qué se lles recorda aos veciños tal opción o 4 de Abril e non ao día seguinte da súa aprobación?

¿Que posibilidades de reclamacións hai para os veciños contra este Plan?

Alcalde

Debeu existir unha equivocación, diriaselles que o expediente non estaba para exposición ao público, pero consultalos si .-

Poderáse reclamar unha vez sexa aprobado definitivamente o Plan Xeral pola Dirección xeral de urbanismo e sexa publicado no Diario Oficial de Galicia e demais periódicos oficiais, que é cando terá a validez legal.-

¿Cando van a saber os veciños que presentaron alegacións as respostas as mesmas?

Alcalde

Faráselles unha comunicación individual.-

Rogo que o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Fisterra se integre dentro da páxina oficial do Concello.-

E non tendo máis asuntos de que tratar o **Alcalde-Presidente remata a sesión, ás 20:00 horas do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.**